



Memoria explicativa das actividades do ano 2013

A Asociación Cultural Musical Solfa continuou un ano máis na liña de incidir e traballar no ámbito cultural musical dun xeito destacado. O noso público e participantes son de todas as idades, desde os catro anos ate as persoas maiores.

Destacamos as nosas actividades no ano 2013

24 de febreiro. Día de Rosalía.

Comemorouse cun acto poético nacional en Bonaval. A Coral de Solfa colaborou, un ano máis, coa Asociación de escritores en Lingua Galega nun acto no que se conmemoraba o nacemento da escritora fundadora da literatura galega contemporánea.

27 de abril. Homenaxe aos Mártires da Liberdade de 1846

En San Martiño Pinarío, Praza da Inmaculada, ás 16.00h. a Coral de Solfa participou na homenaxe aos Mártires da Liberdade de 1846, xunto coa Asociación cultural o Galo.


Con esta homenaxe pretendemos unha vez máis traer á lembranza estes sucesos de Abril de 1846, fundamentais para a historia de Galiza, como recoñecemento á loita pola democracia, vencellada sempre ao exercicio dos dereitos nacionais do pobo galego.

27 de abril. Xornadas de Lingua e literatura.

Este mesto día, ás 19.30h a Coral de Solfa actuou nas xornadas de lingua e literatura no IES As Fontiñas, organizadas pola CIG-ensino e a AS-PG.

Dende poemas de Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Castelao, Manuel María... e os nosos compositores como Xoán Montes, Chané, Adelino Martíns, Rosendo Vila, Xosé Carlos Seráns, Francisco Tobar... tiveron presenza neste concerto coas obras: A Rosalía, Campanas de Bastabales, Rosa de Abril, Negra, Sombra, Lela, Monte Viso, Cantiga, Bandinha, O Rama, Canção Alentejana, O Cuco, Gato na Tuba e O carro.

30 de abril, Feira do Libro- Alameda de Compostela.



Concerto da Coral Solfa o **día 30 de abril**, martes, ás 19.30 h no recinto da Feira do Libro- Alameda de Compostela, nun escenario ideal para lembrar a Rosalía, Curros, Castelao, Manuel María..

11 de maio de 2013. Concerto de Corais en Compostela.

Festas en Santiago. O día, 11 de maio, sábado, ás 18.00h. as corais de Compostela deron distintos concertos pola zona vella. Comezarán ás 17.40h. na Praza das Praterías coa Coral Asubío e Voces do Camiño e rematou ás 20.00h. na mesma Praza das Praterías formando unha única coral. A Coral Solfa actuou xuntamente coa coral do Castiñeiríño na Praza do Toural e para rematar, as 13 corais, nas Praterías, ás 20.00h. interpretamos cinco temas conxuntamente:

- Veláí Vai
- Mariñeiro
- Lela
- Voso Galo
- Pandeirada da Choiva

O 15 de maio. Concerto da Coral

Na residencia de maiores Volta do Castro, ás 18.30h. ofrecemos un concerto dentro da programación da semana cultural dedicada as Letras Galegas.

25 de maio. Concerto en Ferrol

Banda de música e coral de Solfa fomos convidados pola Sociedade Cultural Medulio de Ferrol a dar un concerto o día 25 Maio, sábado, ás 19.00h. no Centro Torrente Ballester, na rúa de Concepción Arenal.

Programa



Banda de Música de Solfa

Director: Fernando Rey Mayo

Compostela de Bernardo del Río

Suit galaica de Antón Alcalde Rodríguez

A Misión de Morricone

Negra Sombra de Xoán Montes

Coral de Solfa



Director: Francisco Tobar Cereijo

A Rosalía de Manuel Curros Enríquez

Música de José Alfredo Oliveira

Negra Sombra de Rosalía de Castro

Música: Joán Montes

Monte Viso de Música e letra: Carlos Rodríguez

Arr.: Francisco Tobar Cereijo

Cantiga de Manuel Curros Enríquez

Música, José Castro “Chané”

Arr.: M. Ángel Viro

O Carro de Manuel María

Música de Xosé Luís Rivas

Bandinha Popular

Arranxos de Ralfy Mendes

Canção Alentexana Popular

Música M. Faria

Gato na tuba de João de Barro e Alberto Ribeiro

Arr.: Carlos Rosa

Ó rama Popular do Alentejo

Harmo: Adelino Martins

30 de maio. Concerto reivindicativo.

O Sr. Alcalde do Concello de Santiago tomou moi a peito sacarnos a subvención que tiñamos e pecharnos os luns o centro sociocultural das Fontiñas o día que maior actividades musical realizamos. Para denunciar este atropelo fixemos un concerto reivindicativo o xoves 30 de maio ás 16.45h. na Praza do Obradoiro, coincidindo co Pleno do Concello. Iniciamos unha recollida de sinaturas na que solicitábamnos que non suprimisen a subvención e non ao peche dos luns do Centro Sociocultural.

Despois de toda a nosa loita conseguimos que non pechasen o centro sociocultural os luns pero si que o Alcalde eliminou o convenio que mantiñamos co Concello.

8 de xuño. VI Encontro de corais en Fontiñas

A Cofradía do Santo Antonio de Fontiñas, organizou o sábado, 8 de xuño, ás 20.30h. un encontro de Corais. A Asociación Folclórica e Cultural Xirandaina, a Agrupación Folclórica Cantigas e Agarimos, a Coral Polifónica Irmán Gómez e a Coral Carrocería Castrosúa, o noso Coro de Solfa baixo a dirección de Franciso Tobar Cereijo interpretamos:

Negra Sombra (Rosalía de Castro)

Cantiga (Manuel Curros Enríquez)

O Carro (Manuel María)

Ó Rama (Popular do Alentejo)

16 de xuño Festa nas Fontiñas

Co motivo das festas das Fontiñas, na Área Central, o domingo, ás 13.30h. dimos un concerto coral e banda de música de Solfa.

Programa

Coral de Solfa

Director: Francisco Tobar Cereijo

Cantiga de Manuel Curros (Música, José Castro “Chané” Arr.: M. Ángel Viro.)

Cançao Alentexana Popular (Música M. Faria)

Gato na tuba de João de Barro e Alberto Ribeiro (Arr.: Carlos Rosa)

Bandinha Popular (Arranxos de Ralfy Mendes)

O Carro de Manuel María (Música de Xosé Luís Rivas)

Ó rama Popular do Alentejo (Harmo: Adelino Martíns.)

Banda de Música de Solfa

Director: Fernando Rey Mayo

Compostela de B. del Río

Suite Galaica de A. Alcalde

Despertar na montaña

II- Noite de bruxas

III- Danza meiga e final

Negra sombra de X. Montes (arr. J. Lois) (solista: Ramón Castelao, tuba)

Rapsodia Galega n.1 de Enrique G. Rey

A Misión de E. Morricone (solista: Antía Louzao, óboe)

Into the storm de R. W. Smith



25 de xuño, Semana cultural.

Semana cultural chea de concertos ofrecidos polos alumn@s de Solfa, disertar sobre temas de actualidade, coñecer a obra de poetas, tan relevantes, como Rosalía de Castro e actuación do coro e banda de música de Solfa será o contido desta semana cultural.

[Programa da Semana Cultural Solfa 2013](#)

O martes comezamos a semana cultural con Ana Benlla Barreiros ao Piano. Seguidamente o dúo de saxos, Fran Gil Páramos e Adrián Doce Villar, interpretaron a obra “Suite en Dúo”. Rematamos o concerto co Quinteto de Metais de Solfa na que se interpretaron obras tan entrañables como Fisterra, Lela ou Lévame.

A continuación, para os maiores de 13 anos tivemos o privilexio de poder escoitar unha disertación sobre un tema moi de actualidade: **A crise económica en Galiza: orixe, gravidade e alternativas**, a cargo de **Óscar Rodil Marzábal**, profesor, doutor de economía aplicada na Universidade de Santiago de Compostela, que nos diu a oportunidade de poder esclarecer calquera dúbida ao respecto.

Piano

Ao Compás do Swing

Ana Brenlla Barreiros

Claro de Lúa de Beethoven

Fernando Fontán Prieto

Gnossienne N.1,2,3 de Satie

Haidé Álvarez Coiradas

Saxo

"Suite en Dúo" de varios compositores do S. XVIII

- 1 Danza Italiana
- 2 Allegro
- 3 Hongroise
- 4 Menuet
- 5 Rondeau I
- 6 Rondeau II
- 7 Musette

Fran Gil Páramos
Adrián Doce Villar

Quinteto de metais

Fisterra, popular

Lela de Rosendo Mato Hermida

Lévame, popular.

Ramón Castelao Doce
Lojo Iglesias, Lucas
Artur Pérez Cao
Belén Varela Suárez
Daniel Figueira Bello



Conferencia. A crise actual en Galiza: orixe, gravidade e alternativas.

Por Óscar Rodil Marzábal, doutor en economía aplicada na USC

26 de xuño, mércores.

Segunda xornada na nosa semana cultural. Concerto moi interesante de piano, clarinetes, óboe e frautas a cargo dos alumn@s. Interpretaron obras clásicas: ***Para Elisa***, de Beethoven no Piano, **Dúas arias de "Don Giovanni"** de W.A.Mozart.

Un trio de óboe e frautas, formado por Elba Fernández, Antía Louzao e Marta Varela, deleitaron o público con pezas de Händel. As frautistas de Solfa interpretaron o ***Cuarteto para Frautas*** de Antón Reicha, frautista, compositor e teórico musical checo. (Praga, 1770- París, 1836). A seguir, actuación dos profesores de fruta e clarinete

27 de xuño, xoves.

Os pianistas e a percusión poñen todo o seu saber para que o público continúe divertíndose e disfrutando desta semana cultural que está a piques de rematar. Lucía Fernández abre a tarde ao piano coa obra *Festa de Bastien*. Seguidamente na percusión, Belén e Yolanda Balboa, Xoán García, Javier García e Miguel Millán interpretarán obras de Michael Jansen, Finalmente o profesor de percusión, Francisco Troncoso, interpretaranos *Open Attic Window* de Erik Rackipov.

A continuación, a Conferencia. A LOMCE: Un asalto á educación público. Anxo Louzao Rodríguez, analizarou o contido e as consecuencias negativas que a LOMCE trae para o ensino público na Galiza.

28 de xuño

Teatro:

Con satisfacción finalizamos a semana cultural cun amplo programa. En primeiro lugar o **Grupo de Teatro da Sociedade Cultural “Medulio” de Ferrol** representou *“O Mundo segundo Rosalía”*. Dun xeito ameno os espectadores accedemos á magnífica obra de Rosalía de Castro, baixo a dirección de Francisco Rodríguez Sánchez.

Coro:

Seguidamente o Coro, baixo a batuta de Francisco Tobar Cereijo, interpretou obras tan relevantes de Rosalía de Castro como: *Campanas de Bastabales* ou *Negra Sombra*. Estiveron presentes no repertorio Manuel Curros e Manuel María.

Banda de música:

Coa banda de música de Solfa, dirixida por Fernando Rey Mayo, *Compostela, Suite Galaica e Mozos do penedo* finalizou esta tarde nun ambiente de alegría e satisfeitos, seguro, polo bo traballo realizado. Festa garantida despois de tanto esforzo.

7 de xullo. IX Ciclo de Bandas.



A Escola de Música de Rianxo en colaboración co Concello organizaron o IX ciclo de Bandas de Música e convidaron á Banda de música de Solfa a participar. Ás 21.00h. no Campo de Arriba a nosa Banda Baixo a dirección de Fernando Rey Mayo interpretaban as primeiras notas dun amplo programa.

2 de outubro. Exposición dos debuxos do Carrabouxo.



Ás 19.30 h. do mércores, no Centro Sociocultural das Fontiñas Solfa colabora co Galo na exposición dos debuxos do Carrabouxo. Contamos con Xosé Lois, O Carrabouxo, debuxante humorístico extraordinario e proxectouse un corto dos seus debuxos.

VII Certame Galego de Bandas de Música.

A banda de música de Solfa decide ir ao VII Certame Galego de Bandas de Música que se celebrou en Santiago os días 15 e 16 de novembro no Auditorio de Galiza. Certame organizado pola FGBMP e cota coa colaboración de Solfa.

Despois de tomar esta decisión precisáronse moitos ensaios e traballo por parte dos compoñentes da banda de música e do seu director.

Concertos previos ao certame:

26 de outubro de 2013, sábado

Auditorio de Valga

Hora do concerto: 21.00h.

10 de novembro, domingo

Auditorio de Rianxo

Ensaio xeral e gravación pola TVG dunha obra para logo emitir no programa “Xa somos artistas”.

13 de novembro. Plataforma Galega pola defensa do ensino público.



A Plataforma Galega pola defensa do ensino público organizou un acto pola defensa do ensino público na Biblioteca Ánxel Casal, en Xoán XXIII, ás 19.00h.

Participaron: Federico Pérez Rey (actor), Berta Dávila (escritora), Suso de Toro (escritor), Quico Cadaval (director e actor). Actuacións musicais a cargo de: Sonia Lebedynski (música e profesora), Alonso Caxade (músico e profesor), Najla Shami e a Coral de Solfa.

Máis información en: <http://plataformagalegadedefensaensinopublico>

15 de novembro, venres, ás 20.30h. Concerto da Banda de música e coral de Solfa na Área Central.



A Asociación Cultural e Musical Solfa e a Agrupación Cultural O Galo colaboran na a Feira das Culturas en Área Central. Asistimos aportando a exposición “**Palabras no Balcón**”, consistente nunha serie de faixas con poemas de distintas obras de Rosalía de Castro, como conmemoración do 150 aniversario da publicación de Cantares Gallegos.

Día 16 de novembro, VII Certame Galego de Bandas de Música.

No Auditorio de Galiza ás 16.00h. comezaba o VII Certame Galego de Bandas de Música coa actuación da Banda de música de Solfa. Despois da súa actuación tivemos que esperar as 12.00h. para saber os resultados da sección terceira e segunda que participaban nesa xornada.



Parabéns á tod@s os compoñentes da Banda de Música de Solfa. Quedar de terceiros no VII Certame é unha satisfacción moi grande. Compartimos escenario coa Banda de Música Popular de Moaña “Airiños do Morrazo”, coa Banda Sinfónica Adagio Cantabile, coa Banda de Música de

Vilatuxe, gañadora e coa agrupación Musical de Belesar que quedou en segundo posto. Tamén levamos o premio de Temática Galega.



Parabéns ao noso director Fernando Rey que coa súa ilusión e traballo fíxo que puidésemos gravar no noso maxín un día inesquecível

Decembro. Concertos Coral Solfa

Día 12, xoves, a **Cruz Vermella** organiza a festa do Nadal no Centro Sociocultural das Fontiñas.

Día 13, venres, **Residencia de maiores na Pontepedriña**

Día 16, luns, **Residencia de maiores en Volta do Castro**

Chegado o mes de decembro, a Coral Solfa vén participando en concertos organizados pola Cruz Vermella e as residencias de maiores en Compostela. Un ano máis quixemos, co noso canto e xunto aos nosos maiores, despedir o ano 2013. Pasar un momento agradable conseguímolos baixo a dirección de Francisco Tobar e cun repertorio como:

***Panxoliña encantada** Letra: Alejandro Tobar Salazar Música: Francisco Tobar Cereijo
Fisterra*

***O Carro** Letra de Manuel María. Música, Baldomero Iglesias Dobarrío. Arr: M. Ángel Viro.*

***Cantiga** Letra: Curros Enríquez Música: José Castro "Chané" Harm.: M. Ángel Viro"*

***O Cuco** Letra: Manuel María Música de A.I. Paz Valverde.*

***Minueto- Don Juan** Popular Música de Mozart*

***O voso galo comadre** (Popular) Música de M. Groba*

***O Rama** (Popular) Arr. Adelino Martíns)*

***Canción do Nadal** (Popular Música de Passarinho)*

28 de decembro. Xa somos artistas.

A Banda de Solfa participou no programa especial da TVG "Xa somos artistas" emitido o 28 de decembro de 2013.